MODELO MEMORIAS FINAIS

Co obxectivo de simplificar a elaboración das memorias finais dos departamentos na última C.C.P. decidiuse seguir o seguinte modelo:

PORTADA DA MEMORIA

I.E.S.	**I.E.S. Lama das Quendas**
LOCALIDADE	R./ Alférez Baanante s/n 27500 - Chantada (Lugo) Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912 http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas ies.lama.quendas@edu.xunta.es

CURSO	2007-08

MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE

XEFE/A DE DEPARTAMENTO	**MATERIAS QUE IMPARTE**
MEMBROS DO DEPARTAMENTO	**MATERIAS QUE IMPARTE**

MATERIA:
NIVEL:

A.- Porcentaxe do cumprimento da programación.

B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.

C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

D.- Motivos das modificación feitas.

E.- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.

F.- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

	IN	S	B	N	Sb
Curso 2006/07					
Curso 2007/08					

En Chantada, a .....de xuño de 200

Xefe/a de Departamento

Asdo.:

Membros do Departamento

Asdo.: Asdo.:

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 8

Maio—2008

Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Programa mellora éxito escolar centros

O noso centro foi elixido para participar neste programa. Dito programa levase a cabo ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Comunidade Autónoma de Galicia para o plan de apoio á implantación da LOE.

Neste sentido contémplanse actuacións dirixidas á mellora do éxito escolar, accións de orientación e reforzo para reverter o fracaso escolar en alumnado con dificultades non detectadas ou detectadas tardiamente e escaso aprecio pola aprendizaxe. Tales accións desenvolveranse a través de convocatorias dirixidas aos centros educativos ou ben a concellos que se adhiran ao programa.

Tanto o Claustro de Profesores/as como o Consello Escolar aprobaron que as compañeiras que levasen a cabo este programa fosen :

Mª Carmen Pérez Hernández (Coordinadora)
Mª Paz Gayoso Ferreiro
Mª Isabel Fernández Prado
Marta López Tallón
Isabel Alcántara Lobelle

º A primeira xornada de información do programa celebrarase na **Escola Galega de Administración Pública de Santiago (EGAP)** o día 29 de maio de 2008, desde as 9:00 horas ata as 18:30 horas. Asistirán as tres primeiras compañeiras relacionadas anteriormente.

Programa mellora de bibliotecas

No D.O.G. Nº 87 do 7 de maio de 2008 saíu publicada a ***Orde do 25 de abril de 2008 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non-universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2008-2009.***

O noso centro pertence ao Plambe_2, grupo de centros elixidos no curso 2006-2007 para formar parte deste plan de mellora. De novo temos a posibilidade de continuar no mesmo e para elo necesitamos a aprobación do consello escolar, presentar a memoria do curso 2007-2008 e tamén comunicar cales serán as principais actuacións para o curso 2008-2009 referentes aos seguintes puntos:

- Organización e xestión.
- Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, á súa integración no tratamento do currículo e á súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.
- Formación de usuarios e educación para o acceso á información.
- Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto lector de centro.
- Outras actuacións.
- Criterios e procedementos de avaliación.
- Persoa designada como responsable/ dinamizadora da biblioteca escolar.

O equipo da biblioteca do centro pretende continuar coa labor feita estes últimos anos para seguir mellorando o funcionamento da mesma.

FONDO DE ACCIÓN SOCIAL 2007

No D.O.G. Nº 95 do 19 de maio de 2008 saíron os criterios e o procedemento para a concesión de **axudas do fondo de acción social do ano 2007**.

As datas para a presentación de documentación serán as seguintes:

Do 22 de maio ao 6 de xuño de 2008:

- Completar en liña a solicitude e anexos na dirección ***http://www.xunta.es/dxfp/fas.htm.***

-Asinar e presentar a solicitude xerada pola aplicación xunto coa documentación requirida perante á Unidade Certificadora. Nos centros educativos poderán certificar os/ as directores/as e secretarios/as.

Ata o día 27 de xuño de 2008, as Unidades Certificadoras comprobarán, validarán, imprimirán e selarán as solicitudes. Despois entregarán toda a documentación aos solicitantes.

Ata o día 10 de xullo de 2008, os solicitantes presentarán toda a documentación nun rexistro autorizado para esta función dirixida á Directora Xeral da Función Pública.

As axudas que se poderán solicitar serán por xubilación. Para atender a discapacitados, para estudos por fillos, por adquisición de vivenda, por estudos do traballador, por maiores a cargo, por fillos menores por gastos sanitarios do traballador.